

CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

## **BASES XERAIS ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO**

### **Base primeira: Obxecto do contrato.**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección mediante concurso de méritos de 3 auxiliares para o servizo de Auxiliar de Axuda no Fogar a contratar temporalmente, a xornada completa, 2 cunha duración de 12 meses e 1 cunha duración de 7 meses, para cubrir as vacacións das auxiliares de axuda a domicilio.

O horario será de luns a domingo, festivos incluídos, cos descansos que establece a lei e segundo as necesidades do servizo.

Co fin de non interromper a prestación do servizo de axuda a domicilio, o presente procedemento selectivo servirá para a creación dunha bolsa de emprego ata o 25 de xuño de 2018. Esta bolsa formarase con aqueles candidatos que superen o proceso selectivo, pero non acaden a puntuación precisa para ser propostos para a contratación por esta entidade local.


### **Base segunda: Natureza do contrato.**

O contrato articularase para servizo determinado, consistindo este na prestación das tarefas de axuda a domicilio e axuda á dependencia. O contrato subordínase expresamente á existencia dos correspondentes compromisos por parte da administración autonómica que permitan a continuación do servizo.

### **Base terceira: Requisitos dos aspirantes**

De conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei Estatuto Básico do Empregado Público, para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.
- b) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Solo por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houberse sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Atoparse en posesión do permiso de condución da categoría B como mínimo e dispor de



CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

vehículo propio para o desenvolvemento do servizo.

Todos estes requisitos deberanse reunir con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes.

**Base cuarta: Retribucións.**

As retribucións estipuladas para este posto de traballo ascenden a 859,06 euros brutos ó mes (incluídos tódolos conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias).

**Base quinta: Criterios de selección.**

A selección dos aspirantes realizarase por concurso de méritos e farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración dos mesmos:

1.- Por experiencia profesional: Ata 7 puntos.

a) Por servizos prestados na Administración Local como auxiliar de axuda no fogar ou en postos semellantes: 0,20 puntos por mes traballado completo ou fracción. A puntuación reducirase proporcionalmente cando os servizos prestados sexan a tempo parcial.

b) Por servizos prestados noutras Administracións Públicas, organismos públicos ou en calquera institución ou empresa privada como auxiliar de axuda no fogar ou en postos semellantes: 0,15 puntos por mes traballado completo ou fracción. A puntuación reducirase proporcionalmente cando os servizos prestados sexan a tempo parcial, non sendo obxecto de valoración o tempo traballado alegado onde non se especifique a xornada prestada (diaria, semanal ou mensual).


A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral actualizada, copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2.- Titulacións: 1.50 puntos

Por estar en posesión do título de formación profesional de grado medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, de 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

Nos termos previstos na Resolución de 3 de novembro de 2015, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que modifica parcialmente o Acordo de 27 de novembro de 2008, sobre acreditación de centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, serían os seguintes:

- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas a domicilio regulado polo Real decreto 1379/2008, de 1 de agosto.
- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais regulado polo Real decreto 1379/2008, de 1 de agosto.
- Título en Técnico de cuidados auxiliares de enfermmería establecido polo Real Decreto 546/1995, de 7 de abril, ou títulos equivalentes que establece o Real decreto 777/1998, de 30 de abril.



CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

- Título en técnico en atención a persoas en situación de dependencia, regulado no Real Decreto 1593/2011, de 4 de novembro.
- Título equivalente de Técnico de atención sociosanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003, d 2 de maio.
- Calquera outro certificado ou título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

3.- Por cursos de formación relacionados co traballo a desenvolver, convocados por institucións públicas ou privadas coa colaboración de organismos da Administración Pública e debidamente homologados, ata un máximo de 1 punto, valorándose do seguinte xeito:

- Por cada curso de mais de 100 horas lectivas: 0,40 puntos
- Por cada curso de mais de 60 a 100 horas lectivas: 0,30 puntos
- Por cada curso de mais de 40 a 60 horas lectivas: 0,20 puntos
- Por cada curso de mais de 20 a 40 horas lectivas: 0,10 puntos

4.- Coñecemento da lingua galega: (puntuación máxima 0,50 puntos)  
Computarase unicamente ó grao superior alegado.

-CELGA 2: 0,10

- Curso de iniciación ó galego ou CELGA 3: 0,25

-Curso de perfeccionamento ou CELGA 4: 0,50

5.- Coñecemento do territorio: A puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 1 punto. Acreditarase mediante certificado de empadramento no concello de Entrimo.


No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida por experiencia profesional. De persistir o empate terase en conta a puntuación en titulación. De persistir o empate terase en conta a puntuación en formación previa. De persistir o empate terase en conta a maior puntuación obtida no punto 4. De persistir o empate terase en conta a maior puntuación obtida no punto 5. Se aínda así persistira o empate terase como criterio de desempate a data e número de entrada polo rexistro municipal.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

Os dous aspirantes que obteñan maior puntuación serán contratados durante 12 meses, mediante un contrato de obra ou servizo determinado e o terceiro será contratado para cubrir as vacacións durante sete meses.

#### **Base sexta: Forma e prazo da presentación de solicitudes.**

1. As solicitudes para participar no presente concurso presentaranse, conforme ó modelo que figura como anexo I das presentes bases, no prazo de cinco (5) días naturais no rexistro xeral do concello, en horario de 9 a 14 h., ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía fax ou enderezo electrónico ó concello, que deberá ter entrada no prazo de presentación das



CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

solicitudes, pois noutro caso non serán admitidas (fax do concello: 988434610 e enderezo electrónico: [concello.entrimo@eidolocal.es](mailto:concello.entrimo@eidolocal.es)). Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose inhábil o prazo finalizará o primeiro día hábil seguinte.

2. O referido prazo computarase a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no BOP, achegándolle a seguinte documentación:
  - A) Copia cotexada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
  - B) Copia cotexada do carné de conducir.
  - C) Acreditación documental xustificativa dos méritos esixidos. Os méritos non xustificados documentalmente non serán obxecto de valoración.
  - D) Declaración xurada de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como a de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade prevista na lexislación vixente (anexo II)
  - E) Declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións. (anexo III)
3. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada una das bases desta convocatoria.
4. Rematado o prazo, o alcalde aprobará a lista de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web [www.concelloentrimeo.es](http://www.concelloentrimeo.es). A mesma resolución do alcalde conterá o lugar, data e hora de reunión da comisión avaliadora.

#### **Base sétima: Selección.**


A designación dos membros da Comisión avaliadora deberá incluír a designación do Presidente, vogais e secretario.

Os membros da Comisión avaliadora deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ó da praza convocada.

Para a válida constitución e actuación da Comisión avaliadora, requirirase a presenza de alomenos tres membros titulares ou suplentes con voto e sempre a presenza do Presidente e a do secretario.

O tribunal valolará a documentación presentada de acordo cos requisitos mínimos que figuran nas presentes bases.

Por resolución da Presidencia aprobase a lista de admitidos e excluídos ao concurso, que se fixará no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina [www.concelloentrimeo.es](http://www.concelloentrimeo.es). Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos e excluídos, disporán do prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web [www.concelloentrimeo.es](http://www.concelloentrimeo.es), para subsanar os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da relación de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos, serán considerados definitivamente excluídos. En caso de presentarse reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aproba a lista



CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachón  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

definitiva, que se fará pública do mesmo xeito. Esta última resolución conterá a composición da comisión avaliadora, así como o lugar, data e hora de reunión da mesma para a valoración de méritos aportados e da entrevista, relacionadas co contido da praza que se convoque, para valorar a idoneidade, motivación e adecuación ao posto de traballo.

De acordo coa relación, elevarase ó Alcalde, ademais da acta da sesión, a proposta de nomeamento dos aspirantes aprobados, procedendo o Alcalde ó nomeamento dos aspirantes seleccionados, efectuándose a formalización do correspondente contrato laboral.

1. Para efectuar esta proposta, a comisión avaliadora poderá pedir os informes e esesoramentos técnicos que teña por convenientes.
2. Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, pasarán a formar parte dunha bolsa de emprego.

Ata que se formalice o contrato, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha. O acordo definitivo de contratación que adopte o Alcalde será publicado no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web [www.concelloentrimo.es](http://www.concelloentrimo.es), para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na lexislación vixente.

#### **Base oitava: Formación de bolsa de traballo**

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación das persoas aspirantes admitidas no procedemento selectivo (excluídas as persoas seleccionadas) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, de xeito tal que permita a contratación temporal para o desempeño de postos de traballo por motivos tales como ILT, maternidade, cobertura de vacacións, permisos, licenzas regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou as renuncias das persoas seleccionadas e, asemade, para cubrir as ausencias doutras auxiliares de axuda a domicilio, por non existir candidatos para a súa substitución ou por non ser posible a cobertura con outros candidatos incluídos nas bolsas de emprego formadas nos correspondentes procesos selectivos. Igualmente cabe acudir a esta bolsa, nos supostos de contratacións temporais para dar cobertura a un eventual incremento de horas de dependencia autorizado dende a Consellería de Traballo e Benestar, cando non poida ser atendido polos traballadores contratados.

A orde de chamamento das persoas aspirantes será pola orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

Os chamamentos faranse vía telefónica, do seguinte xeito:

- Chamada telefónica entre as 09: e as 14:00 horas.


- Chamada telefónica entre as 09: e as 14:00 horas do seguinte día hábil.

A realización dos chamamentos na forma indicada requerirá que as persoas aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación o número de teléfono.

A aceptación da oferta efectuarase por vía telefónica, antes das 12:00 horas do primeiro día hábil seguinte ó do chamamento. Transcurrido o devandito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada e pasarase á seguinte persoa aspirante.

No expediente administrativo deberá constar dilixencia da persoa que realiza os chamamentos, na que se reflectirá a data, hora/s das chamadas telefónicas e a resposta que se recibiu.

Para a correcta localización das persoas candidatas, os integrantes da bolsa estarán obrigados a comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado. Pola contra, quedarán ilocalizados, o que dará lugar á exclusión da bolsa.



CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou segundo o disposto anteriormente non se presentasen ou renunciasen a esta sen xustificación suficiente, perderán os seus dereitos. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño do posto de traballo. Enténdese que a renuncia está xustificada nos seguintes supostos:

- Estar traballando no momento de ser chamado, debendo de achegar copia do contrato de traballo.
- Estar en situación de incapacidade temporal derivada dunha enfermidade, accidente ou baixa, debendo achegar documentación acreditativa desa situación.
- Calquera outra causa, de entidade suficiente, que se considere oportuna a criterio do xefe de persoal.

Nestes casos será necesario achegar o correspondente xustificante nun prazo non superior a 5 días hábiles desde que se produce o chamamento telefónico. A non remisión da documentación xustificativa suporá a cualificación de rexeitamento inxustificado e pasar ó final da lista.

A suspensión dos chamamentos manterase ata que a persoa interesada comunique a súa dispoñibilidade alegando o fin da causa que motivou a suspensión. A tal efecto a persoa interesada deberá presentar solicitude de reposición dirixida ao alcalde.

Son causas de exclusión dun integrante da bolsa de traballo:

- Renuncia expresa a formar parte da bolsa.
- Non presentación dentro do prazo fixado da aceptación do posto de traballo sen causa xustificada.
- Non comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado dando lugar a súa ilocalización.
- Renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo unha vez que foi contratado.
- Separación do servizo por sanción disciplinaria e/ou despido declarado procedente
- O rexeitamento sen causa xustificada dun posto de traballo en tres ocasións.

Contratación dos integrantes da bolsa de traballo:

Poderá empregarse a lista para realizar contratacións temporais para o desempeño de postos de traballo vacantes ou non vacantes no devandito servizo.

Unha vez que compareza o aspirante chamado segundo a orde da bolsa de traballo, o alcalde procederá á súa contratación para o posto de traballo correspondente.

## **RECURSOS.**


As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.


Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Entrimo, a 23 de febreiro de 2017.

O Alcalde

Asdo: Ramón Alonso López





CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

**ANEXO I: Modelo de Instancia**

D./ Dona....., con DNI  
....., nº de teléfono .....e domicilio en  
....., expón:

Que informado/a da convocatoria feita polo Concello de Entrimo para cubrir, con carácter temporal, mediante concurso, 3 prazas de auxiliar para o servizo de axuda o fogar e de persoas dependentes, considerando que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria,  
DECLARO:

1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ó referido procedemento, e comprométome a someterme ás bases que o regulan, para o que achego a documentación sinalada con unha (X):

- Copia cotexada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- Copia cotexada do carné de conducir
- Declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible có desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo que deberán realizar xunto cun recoñecemento médico previo á contratación.
- Declaración responsable ou Certificado médico
- Documentación acreditativa dos méritos alegados


3º.- Que autorizo ó Concello de Entrimo para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Entrimo, a ..... de..... de 20  
(Asinado polo/a interesado/a)

**Sr. Alcalde Do Concello de Entrimo (Ourense)**







CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*


**ANEXO II: Modelo de declaración xurada**

D./Dña....., con DNI  
.....,e domicilio en  
....., declaro  
que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do personal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación de auxiliar para o servizo de axuda no fogar, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade, en Entrimo  
,.....de .....de 20  
(Asinado polo/a interesado/a)

**Sr. Alcalde do Concello de Entrimo (Ourense)**





CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

D./D<sup>a</sup>....., con  
D.N.I....., con domicilio a estes efectos  
en.....,

DECLARA non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo de auxiliar para o servizo de axuda o fogar e de persoas dependentes.

En....., a ..... de..... de 20  
O/A Solicitante

Asdo.:.....

